

Convocatoria dun curso, para persoas en situación de desemprego: “Básico de prevención de riscos laborais no sector do metal”

Segundo decreto da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi, de data 21 de outubro de 2019, no centro de emprego do Concello de Ferrol desenvolveranse o seguinte curso:

- 1 curso de “Prevención de riscos laborais no sector do metal”, de 76 horas de duración, en horario de mañá, 5 horas ao día. Para 20 persoas.
- A desenvolver duran o mes de novembro de 2019.

Requirimentos:

- Estean en situación de desemprego inscritas no Servizo Publico de Emprego de Galicia, tanto no momento de presentación de solicitude de inscrición como no momento de inicio do curso.
- Estean empadroadas no Concello de Ferrol, e en caso de vacantes, terán prioridade as persoas que residan en concellos que formen parte da Mancomunidade Concellos da Comarca de Ferrol.

Criterios de selección:

Para o proceso selectivo do curso básico de prevención de riscos laborais no sector do metal establécense os seguintes criterios:

1- Formación: máx. 2 puntos

Terase en conta o nivel máximo de formación certificado ou acreditado (non acumulable):

- Sen estudos: 0 puntos
- Formación regrada da ESO, Formación Profesional básica e bacharelato, ou formación profesional para o emprego de competencias clave: 1 punto
- Formación profesional regrada de ciclo medio, FPI, ciclo superior, FPPII, e estudos universitarios, ou formación profesional para o emprego de certificado de profesionalidade nivel 2 ou 3: 2 puntos

2- Entrevista persoal: máx. 2 puntos

As persoas candidatas serán convocadas telefonicamente a unha entrevista persoal.

Na entrevista valorarase a capacidade para poder realizar esta formación, así como, o interese e motivación por traballar nos sectores relacionados con esta.

En caso de empate nas puntuacións: o desempate resolverase atendendo ao criterio de “rigoroso orde de entrada da solicitude de inscrición no Rexistro Xeral do Concello”.

Presentación de solicitudes:

No Rexistro Xeral do Concello de Ferrol ou a través da solicitude electrónica na sede do cidadán de www.ferrol.gal acompañada da seguinte documentación:

- Modelo de solicitude de inscrición
- Copia do DNI
- Certificado/volante de padrón para as persoas non empadroadas no Concello de Ferrol.
- Copia do título de formación máxima acreditable
- Copia do Currículum vitae

Prazo de presentación de solicitudes:

Dende o 22 de outubro de 2019 ata o 31 de outubro de 2019 (ambos inclusive)

Ferrol, 22 de outubro de 2019

Asdo J Manuel Naveiro Rdz

Técnico de Emprego do Concello de Ferrol